

BANDO

Atópase aberto o prazo para que os mozos e mozas galegos participen no programa **ACCIÓN DE VERÁN 2017**, composta polas seguintes áreas de participación:

- **CAMPAMENTOS para mozos e mozas de 9 a 17 anos. O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 2 de maio.**
- **CAMPOS DE TRABALLO para mozos e mozas de 18 a 30 anos. A reserva das prazas comezará o día 21 de abril e remata segundo os seguintes prazos:**
 - ✓ As prazas en campos de traballo **internacionais** poderanse solicitar, mentres existan vacantes, **ata o 11 de maio (inclusive)**.
 - ✓ As prazas en campos de traballo nas **comunidades autónomas** poderanse solicitar, mentres existan vacantes, **ata o 16 de maio (inclusive)**.
 - ✓ As prazas nos campos de traballo en **Galicia**, mentres existan vacantes, poderanse solicitar **ata tres días antes** do inicio da actividade.
- **ACTIVIDADES para mozos e mozas de 18 a 30 anos. Reserva de prazas a partir do 18 de abril.**

Se estades interesados en participar nalgunha destas actividades, podedes dirixirvos á **Oficina Municipal de Información Xuvenil** do Concello de Paradela situada no Centro Social Manuel O. Rodríguez López (Tlf: 982-541096) de luns a venres, en horario de 16:00 a 21:00 horas.

*Lembrede que os usuarios do **Carné Xove** teredes un desconto sobre os prezos establecidos nestas actividades.

Paradela, a 19 de abril do 2017
O ALCALDE-PRESIDENTE
Asdo.: José Manuel Mato Díaz
Documento asinado ao marxe electronicamente